
Manuel González / Antón Santamarina (coords.): *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa)*, A Coruña: RAG / Santiago: ILGa, 2004.

A tradición lexicográfica galega conta desde 2004 coa publicación do primeiro *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* dirixido a un público moi amplo, cuxo usuario ideal se formula como un “lector culto medio, non especialista” (p. 37). Porén, o *VOLGa* xa iniciara o seu percorrido no ano 1987, xa que fora concibido como un complemento equiparábel ás *Normas ortográficas e morfolóxicas* de 1982, saíndo á luz no 89 cunha exígua tirada de 500 exemplares nunha edición non venal. Como podemos imaxinar, a súa difusión foi bastante reducida, a se someter unicamente ao exame de editoras e especialistas, mais desta volta sitúase na procura dunha maior divulgación.

O *VOLGa* de 2004 é un manual que asume as regras e solucións sancionadas na 18ª edición das *Normas ortográficas e morfolóxicas* pola Real Academia Galega e publicadas en decembro de 2003. Está pensado como base para a fixación do léxico estándar galego, contribuíndo deste xeito á normalización e normativización do galego, alén de servir para a codificación de textos, isto é, para saber se unha palabra é galega e como se escribe correctamente. Á diferenza dun dicionario, o *VOLGa* preséntase como un manual de consulta rápida e cun tamaño óptimo para o manexo habitual. Un importantísimo e novidoso aspecto que posúe é o da introdución dos extranxeirismos e neoloxismos, inexistentes nos dicionarios precedentes ao non teren un rexistro formal en que se apoiaren.

O volume está estruturado en 4 apartados, sendo os tres primeiros unha parte introdutoria que proporciona información do proceso de elaboración, da constitución das entradas e dos criterios adoptados; o último capítulo corresponde ao cerne do traballo onde aparece propiamente o *VOLGa*. Así, no primeiro apartado (“Presentación”, pp. 5-6) os coordinadores Manuel González e Antón Santamarina describen o “percorrido vital” do presente manual, onde debemos salientar o continuo proceso de constitución, revisión e refacción levado a cabo pola equipa de traballo.

No segundo apartado explícase a “Estrutura das entradas” (pp. 7-8), onde cada unha está constituída por un lema en negra (precedido de asterisco cando se tratar “dunha voz *menos recomendada* ou dunha voz *incorrecta*”) (p. 7) e a seguir a infor-

mación gramatical: clase de palabra, xénero, número. Opcionalmente, pode aparecer a forma feminina, tamén resaltada en letra negra, para alén doutra información complementar introducida por “SIN” (voces sinónimas totais da entrada) ou “Nota” (a indicar pronuncia, etimoloxía, nome xeográfico, desenvolvemento de símbolos, castelanismo...).

No terceiro apartado establécense os “Criterios de elaboración” (pp. 9-48), guiados da man dun dos coordinadores, o profesor Santamarina. Esta parte constitúe a xénese do *VOLGA*, pois nela asistimos á descrición do método lingüístico adoptado. Así pois, Santamarina comeza cunha introdución, moi necesaria ao noso modo de ver, onde se destaca que a aparición de dicionarios, gramáticas, defensas da lingua... tiña a súa raíz no carácter nacional das linguas e tamén se salienta o valor simbólico dos dicionarios (e gramáticas) xa que lle confiren á lingua “unha entidade independente e feita” (p. 11) e “supoñen tanto un orgullo para os da casa como un recoñecemento obrigado para os de fóra” (p. 11). Por tanto, era de esperar que unha lingua en situación de diglosia como a galega non contase con ningún dicionario nin gramática até o século XIX, cando comeza a rexurdir literariamente, ámbito de que fora excluída. Constatamos, pois, que a tradición lexicográfica vén marcada en primeiro lugar pola súa serodia aparición.

Após esta breve introdución, pásase á revisión das propostas que se seguiron nos dicionarios galegos anteriores ao Eladio. Estas obras lexicográficas son caracterizadas pola provisionalidade, xa “que non pasaron de ser borradores inéditos” (p. 13), e por teren “como referencia os dicionarios casteláns e portugueses” (p. 13); así pois, grazas a un excelente e rigoroso traballo de confrontación textual, podemos observar que algúns constitúen verdadeiros plaxios tanto do español como do portugués. Porén, estamos seguros de que o achegamento ao portugués non supuña un perigo para o galego, xa que o sistema lingüístico é o mesmo; en confronto, esa dependencia do castelán si repercutía negativamente a prol da súa desaparición. Aliás, outro trazo que define estes dicionarios é a multiplicidade variativa de voces “culturais” e patrimoniais que foron entrando sen discriminación, polimorfismo e heterografía explicábeis pola ausencia de institucións académicas que velasen polo purismo da lingua e establecesen un modelo ortográfico, morfolóxico e léxico estándar. Precisamente a asistematicidade das numerosas variantes dialectais para expresaren un mesmo concepto foron as que levaron autores como Joaquín de Arévalo en “El dialecto” (1888) a defenderen “su desaparición” xa que “Apenas podrán reunirse gallegos de las cuatro provincias que se entiendan entre sí. Unos dicen *estadullo*, otros *fungueiro*, otros *fueiro* y todo ello es un palo” (p. 308), polo que a fixación dun estándar do léxico do galego contribuiría á ausencia deste tipo de comentarios. E neste sentido podemos incluír o *VOLGA*.

Finalmente, chegamos á análise do proceso metodolóxico adoptado para a elaboración do *VOLGA*, que se centra principalmente en dous aspectos: por unha banda,

como adaptar o que os autores denominan “voces librescas ou culturais”, que serían os estranxeirismos e os neoloxismos, e cantas se incluírían, e, por outra banda, depurar as “voces vulgares”, a constituíren moitas delas españolismos disfrazados. Sen dúbida, ambos os aspectos supoñen un arduo traballo que merece ser tido en conta e que non podíamos deixar de ponderar. Canto á adaptación das voces librescas, a equipa de traballo optou por conxugar razóns lingüísticas con razóns de uso; así, o peso lingüístico fixo que, p. ex., os cultismos gregos que levaren -v- (“*ypsilon*”) se adaptasen con -i-; deste xeito, os derivados de *γλυκός* mantivéronse coa raíz *glic-*, como en portugués, ao paso que o castelán se desmembrou en dúas raíces: *glic-* e *gluc-*. A este respecto, cómpre citarmos que decidiron adaptar todos os vocábulos só coa voz *glic-* “porque nos pareceu que era bo liberar o galego de pasar constantemente pola aduana do castelán; que nos achegue ao portugués (en xeral coma case sempre) é unha vantaxe engadida” (p. 30), co cal concordamos plenamente. Alén diso, é neste punto de introdución de voces “culturais” onde o *VOLGA*, na súa versión provisional, supuxo unha ruptura co que se viña facendo até o momento nos dicionarios precedentes, cubrindo deste modo baleiros denominativos nas linguas especializadas (e tamén na lingua xeral). Canto ao número deste tipo de voces non se inclúe un grande número delas, xa que como indican os coordinadores “sobrepasan o ámbito e a finalidade desta obra” (p. 6). Non obstante, e xa que falamos de número de voces, o *VOLGA* (a pesar do seu tamaño) contén perto dunhas 50.000 entradas, superando o número dalgúns dicionarios.

No que se refire ás voces “vulgares”, estas son sometidas a un proceso de depuración que tería dúas posturas: “unha radical, segundo a cal o portugués moderno é o que tería sido o galego de non ter pasado por unha decadencia; outra, que considera que tamén o galego puido ter unha deriva propia” (p.38), decantándose por esta última. Non é o lugar adecuado para debatermos isto, mais si queremos sinalar que en materia léxica si se debería procurar un total achegamento ao idioma portugués, posto que non atentaría contra o noso sistema.

Complétase, finalmente, este apartado cunha “Bibliografía” (pp. 47-48) que dá boa conta do rigor, cientifismo e erudición xa apuntados anteriormente. Destacamos, así, o manexo de dicionarios de linguas estranxeiras como o inglés, francés, italiano ou catalán, entre outros, que mostran o políglotismo da equipa de traballo e o diálago coa lexicografía europea.

No cuarto e último apartado aparece o “Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (*VOLGA*)” (pp. 49-845), que se presenta como un verdadeiro catálogo lexical, cuxa ordenación alfabética segue as tendencias lexicográficas actuais, pois os dígrafos *ch* e *ll* figuran incluídos dentro das letras *c* e *l*, respectivamente. No *VOLGA* tamén aparece certa información fonética no caso das grafías bifonemáticas, cuxa pronuncia se representa entre colchetes, podéndonos ver unha certa vontade ortoépica; por exemplo, á grafía *x* correspóndenlle os sons [j] e [ks], só representado gra-

ficamente no *VOLGa* este último, xa que se entende nos restos dos casos a outra pronuncia. Porén, no caso das vogais *e* e *o* especificábase a distinción aberta / fechada cando foren palabras homógrafas, en tanto que non se explicita en parellas de palabras opostas polo acento diacrítico, co que discordamos profundamente porque cremos que é un tipo de información moi útil e, ademais, non se segue unha simetría. Vexamos estes dous casos de que falamos:

bota¹ *f*

Nota: [ò] para viño

bota² *f*

Nota: [ò] calzado

bota³ *f*

Nota: [o] botar

pe *m*

Nota: letra

pé *m*

Nota: lat pedem

A este respecto, cómpre mencionar que tampouco se adopta o Alfabeto Fonético Internacional, que lle daría un carácter máis universal á notación fonética.

Xa salientamos que nas entradas ocasionalmente podía aparecer a forma feminina naqueles lemas masculinos que presentaren oposición xenérica coincidente coa de sexo (p. ex.: “**lobo** *s f*: **loba**”), que constituíe unha información moi pertinente do noso punto de vista, sobre todo para resolvermos as posibles dúbidas de formacións irregulares (“**león** *s f*: **leoa**”), se este for o caso. Non obstante, a forma masculina remite a unha feminina, como apreciamos nos exemplos, mais esta non aparece como unha entrada propia, deducíndomos ben o carácter de manual rápido que quere ter o *VOLGa*, ben a tendencia tradicional de usar o lema masculino como única entrada. Mais a información sobre o xénero non é a única que nos proporciona o *VOLGa*, xa que tamén a modo de “Nota” pode especificarse o plural daqueles nomes que cambian o acento tónico con respecto ao singular; p. ex.: *carácter* → *caracteres*, que consideramos un gran acerto e que supón unha novidade na lexicografía galega; porén, non aparece no caso de *ananás* → *ananases*, que perde o acento gráfico, nin nos nomes invariábeis en xénero e número: *olos luns*. Non sabemos se deberían ser incluídos ou non, mais talvez poderían ter cabida neste *Vocabulario Ortográfico*.

Tamén é moi interesante a marca de voz *menos recomendada* ou *incorrecta*, expresada a través do uso do asterisco, onde se presentan problemas ortográficos (de *b* por *v* e viceversa, de castelanismos, etc.) remitíndonos á forma correcta. É por isto por que, alén de ortográfico, tamén o poderíamos denominar remisivo, aínda que non acontece en todas as entradas. Neste apartado tamén podemos subliñar a ausencia da palabra *fax*, que non aparece (nin precedida de asterisco), sendo a única que se rexistra *telefax*, de uso pouco coñecido, polo que a remisión debería aparecer, a non ser que se trate dunha gralla.

Após esta síntese do *VOLGa*, podemos tirar a conclusión de que este manual se presenta como unha ferramenta que contribúe á estruturación do léxico. Sobre isto o propio Santamarina hipotetiza que o *VOLGa* “algún día vai ser considerado como unha referencia na elaboración do estándar do galego moderno”, mais iso xa case é unha realidade porque, despois da súa publicación, foi asumido inmediatamente por varios dicionarios, como o *Dicionario Xerais da Lingua* (2004²) ou o *Dicionario Galaxia de Usos e Dificultades da Lingua Galega* (2004). Outrosí, sentou precedente coa metodoloxía empregada para a inserción de neoloxismos e estranxeirismos na lingua galega.

Xa para irmos concluindo, debemos salienta a existencia dunha versión electrónica en formato Access do *VOLGa* que se pode consultar e descargar no seguinte enderezo: http://www.linux-galicia.org/diccionario/volga_revisado.zip. O importante desta versión é que permite a difusión a un maior número de utentes, á parte de coadruar na asociación do galego ás novas tecnoloxías, como é Internet.

Finalmente, só nos fica reiterarmos a idea de que nos achamos perante unha obra cunha vontade de establecer o estándar ortográfico e léxico do galego. Trátase ademais dun traballo serio e rigoroso, onde se respira o seu cientifismo, a pesar de que contén algúns erros ou descoidos, arriba mencionados, que seguramente sexan subsanados na(s) próxima(s) edición(s). Así pois, parabéns ao grupo investigador e, especialmente, aos seus coordinadores.

Xoán López Viñas

Referencias bibliográficas:

- Arévalo, J. de (1888): “El Dialecto”, en *Revista Regional*, Ano II, Núm. 7, pp. 301-312.
- Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2004²): *Dicionario Xerais da Lingua*, Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, B. (2004): *Dicionario Galaxia de Usos e Dificultades da Lingua Galega*, Vigo: Galaxia.